

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 20 DE FEBREIRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras, declaradas de emerxencia, para a estabilización de 1.500 metros de noiro na estrada AC-550 ao seu paso por Muros.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos afectados polas obras de Emisario submariño da estación depuradora de Augas Residuais de Lagares, no termo municipal de Vigo (Pontevedra).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Clubes Náuticos de Galicia ASNAUGA para a realización da travesía náutica en conmemoración do aniversario da peregrinación a Compostela de San Francisco de Asís, por importe de trescentos noventa e oito douscentos dezasete euros (398.217,00 euros).
- Acordo polo que se crea a Comisión interdepartamental que determinará, no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, as subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación que, polo seu carácter común, se poidan contratar de forma xeral e con características esencialmente homoxéneas para os diferentes órganos e organismos.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza eximir os beneficiarios da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo á Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras (ADSG) de Galicia e se convocan para o ano 2014/2015, cando o seu importe sexa superior aos 18.000 euros, para a realización de aboamentos anticipados nunha contía superior á que resulta de aplicándose artigo 63.1. Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e para a autorización de compromiso plurianual ao que se refire o artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar para establecer, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario e se procede á súa convocatoria para o ano 2014, anticipos do 25 por cento das subvencións no momento da concesión, por un importe total de trescentos seis mil euros (306.000,00 euros).
- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a adxudicación do contrato de mantemento e eficacia enerxética dos hospitais comarcais do SERGAS.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre o Plan de emprego xuvenil 2014-2015.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE URXENTE OCUPACIÓN PARA GARANTIR A ESTABILIDADE DE 1.500 METROS DO NOIRO NA ESTRADA AC-550 AO SEU PASO POR MUROS

- *Os traballos comezaron a finais do pasado mes de xaneiro, polo procedemento de emerxencia, e durante a súa execución observouse que é preciso actuar en zonas que non son de dominio público, o que fai necesario expropiar*
- *O primeiro Consello da Xunta do mes de febreiro declarou esta actuación como de emerxencia. Co trámite de hoxe conclúe a tramitación administrativa*
- *Os traballos na zona 1 avanza a bo ritmo a pesar da dura situación meteorolóxica*
- *Os traballos na zona 2 empezaron esta mesma semana e tamén teñen afeccións ao tráfico*
- *O pasado 18 de xaneiro produciuse un desprendemento que provocou o peche desta estrada, entre os PKs 38+230 e o PK 38+460, e obrigou a habilitar un paso alternativo polo treito da vía antiga, regulando o tráfico por medio de semáforos*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de estabilización dun noiro na estrada AC-550 ao seu paso por Muros. Estes traballos comezaron a finais do pasado mes de xaneiro, polo procedemento de emerxencia, e durante a súa execución observouse que é preciso actuar en zonas que non son de dominio público, o que fai necesario expropiar terreos para garantir a estabilidade dos 1.500 metros de noiro. Trátase do último paso administrativo desta obra, despois de que o Consello da Xunta declara de emerxencia esta actuación. A expropiación implicará un aboamento de máis de 15.000 euros.

A Consellería de Medio Ambiente, que destina un orzamento total de preto de 400.000 euros para as obras de limpeza e estabilización do noiro entre os puntos quilométricos 38+000 e 39+500, onde se produciu un desprendemento acontecido na madrugada do pasado sábado 18 de xaneiro.

Para a execución destes traballos será necesario un período aproximado dun mes e medio, durante os que estará habilitado un desvío de tráfico por un treito da estrada antiga. Estas obras de emerxencia comezaron pola zona máis sensible, onde se produciu o desprendemento, no quilómetro 38, e consisten no despexe e roza da cabeza do noiro; desmonte e retaluzado dos 2-3 metros superiores, saneo e retirada de bloques soltos, para a continuación realizar a drenaxe e bulado do noiro. Durante o desenvolvemento das obras realizarase un seguimento xeotécnico completo.

Os traballos na zona 1 avanza a bo ritmo a pesar da dura situación meteorolóxica que obrigou a parar o bulonado en varias ocasións a causa do excesivo vento. O saneo, escavación e retaluzado do noiro xa remataron e está pendente a corta de árbores, así



como os labores de bulonado e colocación de malla. A previsións son que esta zona estea completamente restituída ao tráfico a primeira semana de marzo.

Ao longo desta mesma semana tamén se iniciaron os traballos na denominada zona 2, o ámbito do faro, do pk 39 +080 a 39 +320, que tamén é necesario afectar o tráfico, dando sentido único alternativo regulado mediante semáforos.

Unha vez que comece o saneo do noiro, á vista do comportamento deste, ese mesmo día determinarase se é posible que os cortes de tráfico se produzan unicamente durante a xornada laboral. Posteriormente, unha vez rematada por completo a obra de estabilización do noiro levarase a cabo a fresadura e reposición do firme de toda a zona afectada polas obras.


Choivas intensas, causa dos desprendementos

Debido ás intensas choivas acaecidas durante os días 17 e 18 de xaneiro de 2014, produciuse un desprendemento do noiro da marxe esquerda da estrada AC-550, que une as localidades de Cee con Ribeira, no contorno do p.q. 38+290, no termo municipal de Muros.

O persoal da Xunta e especialistas desprazados, ao día seguinte do suceso, concluíron na necesidade de levar a cabo unha obra de emerxencia, posto que o noiro presenta zonas con buzamentos desfavorables, fracturación e topografía variable que, xunto coas fortes choivas que se están a producir, provocou a presenza ao longo deste quilómetro e medio varias zonas de inestabilidade, con cuñas e/ou bolos con risco de rotura e desprendemento.

No plano defínense a fase 1 (zona prioritaria na que se iniciarán os traballos) e a fase 2.





A XUNTA APROBA O EXPEDIENTE DE URXENTE OCUPACIÓN DOS TERREOS AFECTADOS POLA OBRA DO EMISARIO SUBMARINO DA DEPURADORA DE VIGO PARA INICIAR AS OBRAS EN MARZO

- ***A construción do emisario é a última actuación que se acometerá para finalizar as infraestruturas hidráulicas proxectadas para a mellora do saneamento e da ría de Vigo***
- ***En outubro do ano 2010 declarouse a utilidade pública e dispúxose a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras da EDAR de Lagares, pero non foron incluídos os necesarios para a execución do emisario que resulta imprescindible para finalizar a depuradora***
- ***En agosto de 2010 a Xunta de Galicia, a sociedade estatal Acuanorte (na actualidade Acuaes) e o Concello de Vigo asinaron o convenio de colaboración para a mellora do saneamento, valorado en máis de 245 millóns de euros, dos que o Goberno autonómico achega preto do 50%***
- ***Trátase do investimento en obra hidráulica máis importante da Xunta de Galicia na súa historia e a grande obra de referencia en depuración hoxe en España***
- ***O investimento no emisario, que terá unha lonxitude de 3,7 quilómetros, ascenderá a 14,8 millóns de euros***

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras do emisario submarino da Estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Lagares, en Vigo.

Estes traballos construtivos son a última actuación a acometer para finalizar a construción das infraestruturas hidráulicas para a mellora do saneamento e da ría da cidade viguesa, e que inclúen, ademais do emisario, a construción da nova EDAR de Lagares e a ampliación da acometida eléctrica para esta.

A nova infraestrutura está financiada polo Estado e a Xunta de Galicia, en terreos cedidos polo concello de Vigo. O Goberno autonómico asume no convenio de colaboración a obriga de tramitar os procedementos expropiatorios necesarios; a súa vez, a sociedade estatal Acuaes ten a condición de beneficiaria, de modo que dispón dos terreos para poder executar as obras.

En outubro do ano 2010 declarouse a utilidade pública e dispúxose a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de ampliación e modernización da estación depuradora de Lagares, pero no dito decreto non foron incluídos os bens e dereitos necesarios para a execución das obras referidas ao emisario da dita planta que resulta imprescindible para finalizar a EDAR, motivo polo que se procede agora á aprobación deste decreto.



As expropiacións que se necesitan levar a cabo para a execución do emisario implican dous tipos de ocupacións: unha temporal con terreos dos que será necesario dispoñer durante o período de execución das obras e despois serán devoltos aos seus propietarios (3.942 metros cadrados), e outra de servidume permanente en terreos polos que pasarán conducións pero que seguirán pertencendo aos seus propietarios orixinais (1.576 metros cadrados).

Por isto, debido a que non hai expropiacións totais e permanentes, o custo de expropiación é de 9.379 euros.

Convenio para a mellora do saneamento de Vigo

O 2 de agosto do ano 2010, a sociedade estatal Acuanorte (na actualidade Acuaes), a Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia e o Concello de Vigo, asinaron o convenio de colaboración para a execución das obras da EDAR de Lagares, valorado en máis de 245 millóns de euros dos cales o Goberno autonómico achega preto do 50% (121,71 millóns de euros).

Trátase do investimento en obra hidráulica máis importante da Xunta de Galicia na súa historia e a grande obra de referencia en depuración hoxe en España.

A finalidade deste convenio é mellorar a calidade das augas da Ría de Vigo, na súa consideración como unidade socioeconómica ao ser fonte de grande riqueza marisqueira, a través do desenvolvemento de:

- A Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR), para máis de 800.000 habitantes: a día de hoxe estase comezando coa explotación da depuradora provisional, e estase baleirando a antiga depuradora para comezar a súa depuración.
- O novo emisario submarino para un caudal de 8 m³/s
- Unha nova acometida eléctrica á depuradora, en alta tensión.

Descrición das obras do emisario

A construción do emisario é parte esencial do sistema de saneamento do Lagares. Cunha lonxitude total de 3.792 metros, está formado polos seguintes elementos:

- Nunha mesma estrutura de formigón armado dentro da parcela da EDAR intégranse a arqueta de chegada que recibe a auga tratada procedente da depuradora e os pozos de bombeo para un caudal máximo de 8 m³/s.
- Unha arqueta no aparcamento da praia de Samil que servirá de punto de inspección.



- Un tramo terrestre do emisario submarino subdividido en dous treitos diferenciados.
- Un tramo submarino do emisario.
- Un tramo difusor ao final que terá capacidade para verter un caudal de 8 m³/s.

No mes de marzo está previsto iniciar os traballos a través da UTE Dragados – Drace, cun investimento de 14,8 millóns de euros.



TURISMO DE GALICIA E ASNAUGA COLABORAN NA REALIZACIÓN DUNHA TRAVESÍA ENTRE ITALIA E GALICIA PARA CONMEMORAR O VIII CENTENARIO DA PEREGRINACIÓN DE SAN FRANCISCO DE ASÍS A SANTIAGO

- ***O Consello da Xunta autorizou a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia-ASNAUGA para a organización desta Travesía Náutica Xacobeá que terá Xénova como porto de partida e chegará aos portos galegos de Portonovo, Ribeira e Cabo de Cruz***
- ***Unha pequena flota desprazarase dende Inglaterra e Francia ata as Rías Baixas –e pasará por Ribadeo, Sada, Ares, Portosín e a Ría de Arousa- con motivo desta peregrinación marítima que durará 24 días***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do Convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e mais a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia-ASNAUGA para a celebración da Travesía Náutica Xacobeá. Esta acción de colaboración enmárcase nas actividades conmemorativas do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago (1214-2014) que se celebran ata mediados de 2015 en Galicia.

A travesía de peregrinación náutica celebrarase entre os meses de maio e xullo e durará 24 días con paradas en distintos portos. O punto de partida será o porto de Xénova en Italia ata chegar a Galicia onde recalará nos portos con Q de Calidade de Portonovo, Ribeira e Cabo de Cruz. A peregrinación marítima unirá, polo tanto, a cidade italiana e mais os portos galegos no marco da celebración do VIII Centenario, un programa de actividades culturais, artísticas, sociais e con actuacións de investigación e iniciativas relacionadas co desenvolvemento turístico cuxo obxectivo é impulsar a dinamización turística e cultural de Galicia a través dos significados e valores da peregrinación xacobeá de San Francisco de Asís.

Con motivo da celebración da travesía, tamén está previsto que unha pequena flota se desprace dende Inglaterra e Francia ata as Rías Baixas, percorrendo tamén Ribadeo, Sada ou Ares, así como Portosín e a Ría de Arousa.

A Asociación de Clubs Náuticos de Galicia-ASNAUGA foi constituída no ano 2003 e é a única existente en Galicia representativa deste sector, é unha entidade que ten por obxectivo a promoción e comercialización do turismo náutico en Galicia.

A colaboración entre Turismo de Galicia e ASNAUGA pretende promocionar e divulgar o VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago, así como a cultura e o patrimonio marítimo da comunidade, ao tempo que se promove a protección do ambiente. Ao tempo, contribúe á posta en valor turística dos portos deportivos galegos; á difusión da Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Río Ulla, así como a proxección de Galicia como destino turístico.



A XUNTA CREA UNHA COMISIÓN PARA CENTRALIZAR A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIONES, OBRAS E SERVIZOS NA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

- *A implantación do novo sistema permitirá racionalizar e reducir os custes dos servizos*
- *Poderán incluírse prestacións de mantemento, limpeza, auditorías, innovación tecnolóxica, seguridade, telecomunicacións e enerxía, entre outros*
- *As entidades locais, as universidades e outros órganos do sector público poderán adherirse a este sistema mediante convenios de colaboración específicos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Acordo polo que se crea a Comisión interdepartamental para o estudo das necesidades de contratación centralizada na Administración autonómica. Deste xeito o Goberno galego dá cumprimento a un dos mandatos recollidos na Lei de Racionalización do Sector Público Autonómico na que se establece, entre outros, a creación da dita Comisión interdepartamental co fin de garantir a eficiencia no gasto público.

A implantación dun sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada ten uns beneficios directos sobre o conxunto da sociedade na medida en que contribúe á racionalización e redución de custos no caso daqueles servizos que a Xunta ten que obter necesariamente no mercado.

A contratación centralizada permitirá, por tanto, ter unha maior capacidade de negociación e reducir o prezo final dos servizos. Deste xeito garátese a estabilidade orzamentaria, o control de gasto e o fomento da participación da pequena e mediana empresa, para unha maior eficiencia do uso dos fondos públicos.

Contratación con carácter xeral

A Comisión encargárase de determinar as subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación que, dado o seu carácter común, se poidan contratar de forma xeral e con características esencialmente homoxéneas para os diferentes órganos e organismos da Administración xeral da Xunta e do seu sector público.

Nesta modalidade de contratación poderán incluírse as prestacións de mantemento, limpeza, seguridade, servizos postais e telegráficos, telecomunicacións, mensaxaría e paquetería, mantemento e reparación de vehículos, fotocopiadoras, combustibles, enerxía eléctrica e gas.

Contratación para órganos superiores e entidades instrumentais

Así mesmo, no prazo de tres meses trala entrada en vigor da Lei de Racionalización o pasado domingo, a Comisión deberá elaborar o catálogo de prestacións e servizos da competencia dos órganos superiores e de dirección da Administración Xeral da Xunta e



dos órganos de goberno e executivos das entidades instrumentais do sector público autonómico que poidan ser obxecto de cooperación, colaboración e asistencia.

Nestes catálogos incluíranse as prestacións de asistencia xurídica, control económico-financeiro, auditoría de contas ou de funcionamento, auditoría enerxética, avaliación de resultados, estatística, hixiene e saúde laboral, formación de persoal empregado público, administración electrónica e innovación de desenvolvemento tecnolóxico.

Aprobación por parte do Consello da Xunta

As propostas da Comisión -ben a iniciativa propia ou ben a proposta dos grupos de traballo- en materia de contratación centralizada das subministracións, obras, servizos ou calquera outra prestación deberán ser elevadas ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

O máximo órgano de Goberno da Xunta tamén deberá aprobar os catálogos de medios e prestacións susceptibles de ser prestados internamente pola vía da cooperación, colaboración e asistencia recíproca entre os órganos da Administración e as entidades do sector público autonómico.

Así mesmo o Acordo recolle que as entidades locais, as universidades e os restantes entes, organismos e entidades do sector público poderán adherirse ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada mediante convenios de colaboración específicos.

Composición

A presidencia da Comisión ostentaraa a persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a secretaría recaerá na persoa titular da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta; e como vogais actuarán as persoas titulares das Secretarías Xerais Técnicas das consellerías.

A Comisión reunirse, como mínimo, cunha periodicidade trimestral. Ademais poderanse crear grupos de traballo que se consideren necesarios para o desenvolvemento dos seus cometidos.



A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRA

- ***A finalidade destas axudas é mellorar o status sanitario das explotacións gandeiras mediante programas zoosanitarios comúns, para a prevención e control de enfermidades que non son obxecto de programas nacionais***
- ***Mediante acordo do Consello, a Xunta autoriza a eximir os beneficiarios destas axudas de constituír garantías nos anticipos que poden solicitar***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á Orde da Consellería do Medio Rural e do Mar pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) de Galicia e se convocan para o ano 2014-2015. Ademais, a Xunta autoriza a eximir os beneficiarios das ditas axudas da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir, cando o seu importe sexa superior aos 18.000 euros e para autorización de compromiso plurianual.

A finalidade destas axudas, que contan cun orzamento para o período 2014-2015 de máis de 2 millóns de euros, é mellorar o status sanitario das explotacións gandeiras galegas mediante a execución de programas zoosanitarios comúns, para a prevención e control de enfermidades dos animais que non son obxecto de programas nacionais. Deste xeito, permítese incrementar paulatinamente a rendibilidade das explotacións, diminuíndo as perdas ocasionadas por motivos sanitarios e facilitando o cumprimento da normativa vixente referente á identificación, benestar e sanidade animal.

Exención de garantías

A falla de liquidez dos beneficiarios destas axudas para facer fronte aos custos derivados da realización de programas de planificación zoosanitaria obrigábaos a recorrer ao financiamento externo, principalmente a través de entidades bancarias, que resultaba ser especialmente dificultoso. Co fin de paliar esta situación, o Consello autorizou a posibilidade de que as entidades soliciten anticipos sobre os importes de axudas concedidos e se vexan eximidas da obriga de constituír garantías.



A XUNTA ADIANTA ATA UN 25% DAS AXUDAS ÁS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES

- ***Con esta medida preténdese que estas organizacións dispoñan de liquidez para o seu funcionamento, tendo en conta o papel que realizan na vertebración social e profesional do sector agrogandeiro galego***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o anticipo de ata un 25% das axudas ás organizacións profesionais agrarias para a realización de diversas actividades.

Con esta medida preténdese que estas organizacións dispoñan de liquidez para o seu funcionamento, tendo en conta o papel que realizan na vertebración social e profesional do sector agrogandeiro galego.

As axudas inciden nos seguintes aspectos relacionados co medio rural: representación das organizacións perante a Administración, participación en órganos colexiados, mesas sectoriais para a defensa dos intereses e formación dos seus integrantes e familiares, así como o impulso do asociacionismo.

As posibles beneficiarias destas axudas son as organizacións profesionais agrarias que concorreron ás eleccións ás cámaras agrarias que tiveron lugar o 26 de maio de 2002. O importe total do anticipo ascende a 79.000 euros.



O NOVO DECRETO DE ORDENACIÓN E XESTIÓN FORESTAL ASEGURARÁ UN APROVEITAMENTO MULTIFUNCIONAL E SUSTENTABLE DOS RECURSOS

- ***Este decreto substituirá o réxime legal que se estaba aplicar baseado nunha Orde do ano 1970***
- ***En aplicación da lexislación actual, a partir do ano 2019, non se permitirán aproveitamentos a aqueles propietarios que non posúan un instrumento de ordenación ou xestión forestal***
- ***Aqueles propietarios ou xestores que queiran optar a axudas públicas no novo período FEADER 2014-2020 deberán dotarse dun destes instrumentos***

O Consello da Xunta analizou hoxe o texto do futuro decreto da Consellería do Medio Rural e do Mar polo que se regula a estrutura e contidos dos instrumentos de ordenación e xestión forestal, co obxectivo de asegurar un aproveitamento multifuncional e sustentable dos recursos a través dun conxunto de instrumentos adaptados á estrutura actual da propiedade forestal.

O actual réxime legal en vigor en Galicia -definido por unha Orde do ano 1970- non configura un marco acaído coa estrutura da propiedade e a organización do monte en Galicia. Neste senso, o novo decreto pretende poñer en valor de forma sustentable o monte, e facelo máis competitivo para que o sector forestal galego se poida prover de materia prima diferenciada.

En aplicación da lexislación actual (Lei básica de montes), a partir do ano 2019 non se permitirán aproveitamentos forestais -incluídos cortas de madeira para uso comercial- a aqueles propietarios que non posúan un instrumento de ordenación ou xestión forestal. En previsión a este requirimento, a Xunta lanza esta norma co fin de que todos os propietarios forestais de Galicia se doten destes instrumentos con tempo.

Actualmente, todos os propietarios de montes en Galicia teñen a obriga de dotarse duns instrumentos de ordenación ou xestión forestal, posto que se trata dun requisito imprescindible para aproveitamentos forestais ou vendas de madeira de tipo comercial. Deste xeito, os montes públicos, aqueles declarados protectores ou de xestión pública deberán dotarse dun proxecto de ordenación. Do mesmo xeito, deberán facelo todos aqueles territorios que superen as 25 hectáreas de superficie en couto (perímetro) redondo. Se a superficie é igual ou inferior ás 25 hectáreas, os propietarios ou xestores deberán facerse cun documento simple de xestión. Do mesmo xeito, cando haxa varios propietarios que queiran xestionar de forma conxunta o seu monte sen perder a súa propiedade deberán optar por un documento compartido de xestión.

Alternativamente se a superficie é igual ou inferior ás 15 hectáreas poderán optar por un documento de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas



ou de xestión forestal xenéricos, postos en vigor mediante a orde da Consellería do Medio Rural e do Mar (que sairá proximamente a exposición pública).

Axudas e outros beneficios

Aqueles propietarios ou xestores que queiran optar a axudas públicas no novo período FEADER 2014-2020 deberán dotarse dun destes instrumentos. De igual xeito, aqueles propietarios que dispoñan destes instrumentos terán uns beneficios fiscais (exentos do Imposto de Bens Inmóveis e do cómputo como ingreso na base do Imposto sobre a renda das persoas físicas dos importes das subvencións públicas concedidas). Así, non necesitarán de ningunha autorización dos diferentes departamentos da Xunta para realizar as actuacións planificadas, só deberán notificalas, xa que, para a súa aprobación administrativa, se aplicará un criterio de portelo único (unha única solicitude).

Aqueles que opten por un documento de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal (cando a superficie é igual ou inferior ás 15 hectáreas) deberán pedir as oportunas autorizacións para poder realizar actuacións no territorio.

Outro beneficio que leva consigo a aplicación desta norma é que facilitará aos propietarios forestais poder acadar o certificado de xestión forestal sustentable, por calquera dos sistemas de certificación internacionalmente recoñecidos -PEFC ou FSC-. Deste xeito, aumentará a competitividade do sector forestal galego ao proverse de materia prima cun selo diferencial de certificación nun mercado comunitario.



A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN ENERXÉTICA PARA 5 HOSPITAIS COMARCAIS PERMITIRÁ UN AFORRO DE MÁIS DE 3,2 MILLÓNS DE EUROS NOS PRÓXIMOS 10 ANOS

- *Trátase de promover medidas de aforro mediante a eficiencia enerxética nos hospitais de Barbanza, Verín, Calde, Burela e Monforte de Lemos*
- *Conseguirase evitar emisións de gases efecto invernadoiro (CO₂) de máis de 3.000 toneladas anuais*
- *A oferta proposta como adxudicataria do contrato é dun importe de 6.131.139,60 euros cun prazo de execución de dez anos*

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, informou hoxe no Consello da Xunta da proposta da Mesa de Contratación para a adxudicación da subministración enerxética prestacional e o servizo de mantemento de instalacións e equipos enerxéticos térmicos e locais asociados.

Trátase de promover medidas de aforro mediante a eficiencia enerxética nos hospitais de Barbanza, Verín, Calde, Burela e Monforte de Lemos. Deste xeito, o aforro económico estimado para os próximos 10 anos de duración do contrato é de máis de 3,2 millóns de euros.

Así, intégrase nun único contrato a xestión da subministración enerxética e o servizo de mantemento de forma que se poidan afrontar as actuacións de mellora e renovación das instalacións que sexan necesarias para poder usar a biomasa como fonte primaria de enerxía térmica.

A empresa proposta como adxudicataria presentou unha oferta por un importe de 6.131.139,60 euros cun prazo de execución de dez anos. Ademais, deberá garantir actuación de mellora nas instalacións de xeración térmica e responsabilizarse do seu mantemento.

Uso de combustibles renovables

Grazas a esta medida, pásase dun modelo tradicional de subministración de combustible fósil, derivado do petróleo, a un modelo prestacional con requerimentos de enerxía térmica xa transformada, usando combustible renovables como é a biomasa.

Doutra banda, debido á mellora da eficiencia enerxética e ao emprego da biomasa para uso térmico, conseguirase evitar emisións de gases efecto invernadoiro (CO₂) de máis de 3.000 toneladas anuais, representando unha diminución case total con respecto á situación actual.



O consumo de biomasa para fins térmicos nos cinco hospitais estímase en 2.100 toneladas anuais, que potencialmente levará asociado a xeración duns 20 postos de traballo, directos e indirectos, e a limpeza de máis de 1.200 hectáreas de monte.



APROBADO O PLAN DE EMPREGO XUVENIL, DOTADO CON 100 MILLÓNS ATA 2015, QUE BENEFICIARÁ 95.000 MOZOS E MOZAS A TRAVÉS DE 19 MEDIDAS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe que dá conta do Plan de emprego xuvenil, unha ferramenta que ten como principal obxectivo loitar contra o paro entre os menores de 30 anos***
- ***Trátase dunha iniciativa de carácter transversal, que contará coa implicación de distintos departamentos do Goberno galego***
- ***Fará especial fincapé no colectivo con nula ou escasa cualificación, dado que supoñen o 60 por cento do total de parados mozos galegos***
- ***Entre as 19 medidas, inclúense novas actuacións e outras que se potencian e se orientan especificamente de cara á mocidade***
- ***En concreto, entre as novas iniciativas inclúense a regulación de prácticas laborais para persoas cualificadas ou a atención preferente no Servizo Público de Emprego a mozos que nin estudan nin traballan***
- ***Deseñáronse tamén novos incentivos á contratación, aos mozos autónomos e ás cooperativas; así como formación para desempregados de baixa cualificación en centros educativos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe que dá conta do Plan de emprego xuvenil, unha ferramenta que estará dotada con preto de 100 millóns de euros e que prevé beneficiar 95.000 persoas ata 2015. Esta iniciativa conta cun total de 19 medidas que teñen como principal obxectivo loitar contra o paro entre a mocidade.

O documento ten un claro carácter transversal e, polo tanto, contará coa implicación de distintos departamentos do Goberno galego, liderados pola Consellería de Traballo e Benestar.

Os beneficiarios das medidas serán menores de 30 anos e, nomeadamente, aqueles con escasa ou nula cualificación, dado que supoñen o 60 por cento do total de parados mozos galegos.

A totalidade das actuacións poranse en marcha este ano 2014. Posteriormente, serán avaliadas para comprobar os resultados. O obxectivo é conseguir a máxima efectividade, polo que, no caso de verificar o seu bo funcionamento, continuarán en vigor; mentres que, no caso contrario, poderán ser redeseñadas ou substituídas por outras.

No Plan inclúense desde novas medidas, ata outras que se reforzan ou se modifican para orientalas especificamente para atender a mocidade.



Novas actuacións

Unha das novas actuacións que recolle o Plan é a regulación de prácticas laborais para mozos cualificados (universitarios ou con títulos de formación profesional). A medida consistirá en financiar as súas prácticas durante nove meses.

Ademais, porase en marcha un programa de atención preferente por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia para mozos e mozas que nin estudan nin traballan. Contarán cunha atención personalizada, nun prazo inferior aos catro meses, que combinará orientación profesional, acompañamento e formación.

Para este mesmo colectivo, crearanse tamén novos incentivos de contratación, que consistirán en axudas de 200 euros mensuais ata o límite dun ano. Esta actuación complementábase co mantemento dos incentivos á contratación ordinarios.

Así mesmo, ponse en marcha un novo incentivo para apoiar o contrato de formación e aprendizaxe consistente en ata 100 euros mensuais, e ata un máximo de 12 mensualidades

No eido da formación, tamén se incorporan novidades, como a formación de mozos e mozas desempregados de baixa cualificación en centros educativos, grazas a un acordo entre o departamento de Traballo e o de Educación. Os participantes beneficiaranse de accións formativas –que se impartirán en centros integrados ou IES- e que lles permitirán obter certificados de profesionalidade.

No ámbito da promoción de emprego autónomo créase unha liña específica para os autónomos menores de 30 anos, subvencionando tamén aqueles autónomos mozos cuxa actividade económica non leve consigo un investimento en activo fixo.

Ademais, creáse o programa *Xuventude coop*, que se basea nun conxunto de actuacións especialmente dirixidas á mocidade para o fomento do emprendemento cooperativo como saída laboral

Fóra das actuacións de nova creación, o Plan inclúe outras medidas que se reorientan ou se potencian. Entre estas, cabe destacar o programa de formación específico para mozos con baixa cualificación, tendente á obtención dos certificados de profesionalidade e á realización de cursos de competencias clave.

Desde o Goberno galego continuarase impulsando tamén o contrato de formación e aprendizaxe, unha iniciativa que combina formación e un contrato de traballo, e no que a Xunta financia voluntariamente a parte referida á formación.

Carácter transversal

Ademais das medidas citadas anteriormente, o Plan tamén inclúe outras como: a formación profesional dual; a rede galega de viveiros de empresa en centros educativos; a formación profesional modular; ou a formación de mozos e mozas sen cualificación a través de iniciativas como os programas de cualificación profesional inicial.

Xa nun ámbito máis relacionado co emprendemento, incorpóranse actuacións como: as axudas para a creación de pemes ou realización de investimentos en novas empresas; as bolsas formativas para realizar proxectos de mellora das pemes galegas; accións formativas e de titorización en emprendurismo; becas de promoción exterior; bolsas de traballo de xestores IGAPEX en internacionalización; contratación de xestores en internacionalización; e accións formativas e formación en ferramentas de creación e xestión de empresas para aquelas persoas que teñan unha idea pero non coñezan as ferramentas para levala a cabo.

